



Por que este obradoiro?

Unha chea de páxinas e perfís en Facebook de servizos de normalización lingüística de concellos ou universidades, de asociacións, de equipos de dinamización, de proxectos...; perfís de Twitter ou Instagram, etc. Como é normal, cada vez bótase máis man das redes sociais para a comunicación e interacción desde os servizos e equipos de normalización e desde entidades relacionadas coa lingua, para lanzar mensaxes a prol do uso e prestixio do galego, para anunciar accións, para convocar á participación, para interaccionar, etc.

Mais..., estamos a usar as redes axeitadamente neste ámbito? Estamos a aproveitalas ben? Usámolas de maneira eficiente? Ou, sexa como for, **podemos usar e aproveitar as redes sociais máis e mellor?**

Se cadra está ben que unha persoa experta nos bote unha man, que lle bote un ollo ao que facemos, ás redes que manexamos, a como as usamos, e que nos axude a facelo mellor...

Por iso convocamos este obradoiro, que terá dúas edicións: unha en Pontevedra (20 outubro) e outra en Santiago de Compostela (22 outubro).

Cales son os obxectivos?

- ✓ Coñecer técnicas, ferramentas, criterios, etc., para **mellorar o uso das redes sociais** para servizos e equipos de normalización lingüística, asociacións e empresas que traballan no ámbito da lingua, etc.
- ✓ **Saber aproveitar as oportunidades** que nos poden ofrecer as redes sociais para o traballo e a comunicación na normalización lingüística.
- ✓ **Mellorar destrezas** para o manexo e comunicación a través das redes sociais.
- ✓ Coñecer exemplos de **boas prácticas** que permitan **mellorar a comunicación na rede** para a normalización lingüística.
- ✓ Mellorar a linguaxe propia e adaptada ao medio e comunidades das redes para **optimizar as mensaxes** a prol da lingua.

Organiza

Colabora

Quen pode participar?

- ✓ Persoas que manexen redes sociais de servizos de normalización lingüística (SNL), de asociacións, entidades ou proxectos de fomento do galego, de equipos de dinamización, de empresas que traballen pola lingua, etc.

Para o bo funcionamento do obradoiro, poderán participar en cada unha das edicións un máximo de **15 persoas**.

Vale, pero, en que consiste? Que imos facer?

Neste obradoiro partírase dunha pequena auditoría, **análise** e revisión por parte da docente das distintas redes que xestionan as persoas participantes (perfis e páxinas de SNL, ENDL, asociacións, proxectos...), para así indicarnos os puntos débiles e fortes, facernos propostas de mellora, facernos detectar os erros que cometemos, ensinarnos exemplos de boas prácticas e amosarnos técnicas, ferramentas, destrezas, etc., para mellorarmos nas xestións e mensaxes desas redes. De cada perfil ou páxina, a docente fará unha breve análise e proposta de mellora.

Na sesión presencial do obradoiro traballarase, en boa parte, partindo desas redes existentes e desa análise previa, e incidirase naquelas claves de **mellora** máis importantes.

Cando?

O que	Día e horario
Prazo de solicitude de participación no obradoiro	Até o 8/10/2015 ás 12.00 h
Publicación da listaxe de persoas participantes	9 de outubro 2015
Auditoría das redes das persoas participantes	Entre o 9 e o 19 de outubro
Obradoiro en Pontevedra [Lugar por confirmar]	Martes 20 de outubro , de 16.30 h a 21.00 h
Obradoiro en Santiago de Compostela [Lugar por confirmar]	Xoves 22 de outubro , de 16.30 h a 21.00 h

Quen nos vai guiar e axudar?

- ✓ **Antía Paz** (@antia_paz), que é community manager, experta en estratexias comunicativas en medios sociais e formadora en comunicación en rede.

Gústame! Para apuntarse?

Se queres participar debes inscribirte **até o día 8 de outubro** a través do seguinte formulario: <http://ir.gl/6d8a87>

Dado que o número de prazas está limitado a 15 por edición, terán preferencia os/as socios/as da CTNL e, despois, respectarase a orde de inscrición.

Non se pode pagar a cota de inscrición até que non se publique a listaxe de persoas admitidas.

As persoas incluídas nesa listaxe de admitidas deben ingresar o importe da matrícula na conta da CTNL en Abanca número ES18-2080-0377-04-3040004060, indicando o seu nome completo e mais o concepto "Obradoiro redes".

Se unha persoa está na listaxe de admitidas e non vai participar no curso, **debe comunicalo** por teléfono ou correo electrónico o máis axiña posíbel, para así poder incorporar, con suficiente antelación, a seguinte persoa da listaxe de agarda.

E canto custa?

- ✓ Para socias/os da CTNL: 10 euros
- ✓ Para non socias/os da CTNL: 25 euros

+info

Entra en www.ctnl.gal
Escribe a info@ctnl.gal
Chama ao **629 571 950**

Organiza

Colabora